



O TERRORISMO EN ESPAÑA

UNIDADE DIDÁCTICA
PARA HISTORIA DE ESPAÑA

2º BACHARELATO

CADERNO PARA O
PROFESORADO

**PROXECTO EDUCATIVO "MEMORIA
E PREVENCIÓN DO TERRORISMO"
UNIDADE DIDÁCTICA Nº 2**

EDITA

Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do
Terrorismo. Ministerio do Interior

Dirección Xeral de Cooperación de
Avaliación e Cooperación Territorial.
Ministerio de Educación e Formación
Profesional

Centro Memorial de las Víctimas del
Terrorismo

Fundación Víctimas del Terrorismo

TEXTOS

Jesús Prieto Mendaza

DESEÑO

Dr. Drumen

TRADUCIÓN

Xoel Rodríguez Martínez

FOTOGRAFÍAS

Agencia EFE

Archivo Municipal de Bilbao-Bilboko Udal
Artxiboa (AMB-BUA)

Fondo de La Gaceta del Norte

El Correo

Fidel Raso/Diario 16

Garda Civil

Hemeroteca Foral de Biscaia

Jorge Nagore

La Voz de Galicia

Luis Alberto García e Santos Cirilo/El País

NIPO M. Interior: 126-20-073-2

NIPO M. de Educación e Formación
Profesional: 847-20-236-2





ÍNDICE

Esta unidade didáctica preséntase como un instrumento completo que poñemos ao dispor do docente para que a poida traballar poida directamente na aula. Terá na súa man todo o contido, así como a aplicación didáctica, tal e como se elaboraría para ser introducida nun libro de texto.

Primeiramente, inclúese o traballo que se debe realizar en cada unha das sesións para as que foi proxectada. Ao final atópase a proposta didáctica completa para poder incluír dentro da programación da materia.

04

Sesión 01

Limiar

Que é o terrorismo?

Violencia terrorista e consecuencias sociais

Actividade 1.1.- A extorsión económica, unha forma de violencia

10

Sesión 02

A ditadura franquista como xustificación

Actividade 2.1.- Un policía municipal. Un pai de catro fillos

Actividade 2.2.- Masacre na cafetería

16

Sesión 03

A transición

Actividade 3.1.- Eu quería o traslado. Alí íanme matar

Actividade 3.2.- Disparos no canódromo

Actividade 3.3.- O leiteiro de Alonsotegi

26

Sesión 04

Consolidación democrática

Actividade 4.1.- San Fernando, Coslada, Santa Eugenia, El Pozo...

Actividade 4.2.- Fanatismo de raíz relixiosa

38

Para saber máis

42

Proposta didáctica

SESIÓN

01



Fig. 1. Pintada reclamando paz xunto ao símbolo das mans brancas, que representa a inocencia das vítimas, tras o asasinato de Miguel Ángel Blanco en xullo de 1997. Fotografía: Fidel Raso/Diario 16.

NESTA PRIMEIRA SESIÓN, E PARA CONTEXTUALIZAR O TEMA, INCLÚESE UNHA INTRODUCIÓN SOBRE O TERRORISMO COMO FENÓMENO ACTUAL. A CONTINUACIÓN, CLASIFÍCANSE OS GRUPOS TERRORISTAS QUE ACTUARON EN ESPAÑA DE ACORDO COS SEUS PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS E, FINALMENTE, DESTÁCANSE AS TERRIBLES CONSECUENCIAS, PERSOAIS E SOCIAIS, DA SÚA VIOLENCIA. NESTE PRIMEIRO MÓDULO PROXECTARANSE AS DIAPOSITIVAS OU ENTREGARANSE AS FOTOCOPIAS CORRESPONDENTES Á MATERIA. PROPOÑEMOS QUE OS ALUMNOS COPIEN NO SEU CADERNO O RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS FUNDAMENTAIS DO TERRORISMO E QUE DEFINAN CO SEU PROPIO VOCABULARIO AS PALABRAS E FRASES DESTACADAS. TAMÉN DEBERÁN ANOTAR NO SEU CADERNO A TIPOLOXÍA DE GRUPOS TERRORISTAS, QUE EXISTEN OU EXISTIRON, E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS. AS CONSECUENCIAS DA VIOLENCIA, QUE SE COMENTAN NO LIMIAR, TAMÉN DEBERÁN SER TIDAS EN CONTA. COMO ACTIVIDADE FINAL, VAISE PROPOR UN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A EXTORSIÓN ECONÓMICA COMO ARMA TERRORISTA.

LIMIAR

O terrorismo ten marcado de maneira trágica a historia recente de España, dende os anos sesenta do século XX. Nesta unidade didáctica analizaremos primeiro en que consiste tal fenómeno. Despois introducírémonos na súa evolución durante tres fases diferentes:

A ditadura franquista

A transición
á democracia

O período democrático

Ao analizar o fenómeno terrorista, é necesario focalizalo nas vítimas das súas accións. Só desa forma conseguiremos que a inxustiza cometida no exercicio dunha violencia ilexítima sexa visible a partir delas, con elas, xunto a elas; pois son a demostración máis evidente da violación do dereito humano máis básico: o dereito á vida.

QUE É O TERRORISMO?

Do mesmo xeito que ocorre con outros fenómenos sociais complexos, existen diferentes definicións de terrorismo. Entre os especialistas non se chegou a un consenso sobre que é o terrorismo, pero subliñase en case todos os casos que estamos ante unha ferramenta para impor pola forza un determinado proxecto político, polo que se trata de infundir medo nos oponentes e na propia sociedade. Dito isto, resumamos agora os seguintes elementos que caracterizan, de forma xeral, o fenómeno do terrorismo:

VIOLENCIA CLANDESTINA

O terrorismo actúa de forma secreta ou oculta para eludir a acción da xustiza. A clandestinidade provoca ao mesmo tempo un maior illamento e radicalización do grupo.

XERACIÓN DUN CLIMA DE TERROR

A etimoloxía da palabra indica que terrorismo vén de terror, que é precisamente o que se pretende provocar mediante este recurso: un medo intenso entre os rivais e na sociedade en xeral.

BUSCA IMPOR OBXECTIVOS POLÍTICOS


Detrás do terrorismo hai un proxecto de poder, dirixido contra algunha institución ou organización á que se pretende someter mediante o uso da forza.

IMPACTO PROPAGANDÍSTICO

Os grupos terroristas aproveitan o impacto que provocan os seus atentados, a súa repercusión a través dos medios de comunicación, para difundir as súas esixencias.

Aínda que o fenómeno terrorista é un problema global, afectou en distinto grao e cunha diferente evolución histórica nos países da nosa contorna.

Fig. 2. Un policía municipal de Bilbao acorda a rúa onde acaba de estalar unha bomba de ETA. Fotografía: El Correo.



Tipos de organizacións terroristas que teñen actuado en España:

NACIONALISTAS RADICAIS E INDEPENDENTISTAS

Pertence a esta tendencia a banda terrorista máis sanguenta e lonxeva. Trátase de ETA, *Euskadi Ta Askatasuna* (País Vasco e Liberdade). As diferentes ramas desta organización son responsables da morte de 853 persoas entre 1968 e 2010, dentro dunha campaña violenta cuxo principal obxectivo era a independencia do País Vasco. Ademais, en Cataluña os membros de EPOCA (tres vítimas mortais) e *Terra Lliure* (unha), en Galicia os do *Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive* (dúas) e en Canarias os do MPAIAC (unha), tamén quixeron emular a ETA.

XIHADISTAS

O seu obxectivo é implantar un califato baixo unha interpretación dogmática, ortodoxa e minoritaria da xariá, a lei islámica. En España o primeiro atentado desta orientación tivo lugar en 1985 no restaurante El Descanso. Células xihadistas causaron o maior masacre terrorista da nosa historia: os ataques do 11 de marzo de 2004 en Madrid, cun balance de 193 vítimas mortais e 1.761 feridos. Máis recentes son os atentados de Barcelona e Cambrils, cometidos polo Estado Islámico o 17 de agosto de 2017, con 16 persoas asasinadas e máis dun centenar de feridas.

ULTRADEREITA

O terrorismo deste tipo estivo fragmentado en diferentes organizacións: BVE (Batallón Vasco Español), *Triple A* (Alianza Apostólica Anticomunista) ou GAE, *Grupos Armados Españoles* (Grupos Armados Españóis). As súas principais metas eran o regreso a unha ditadura como a franquista e responder a ETA cun terrorismo de signo oposto. Atribúenselles uns 60 asasinatos.

GAL

O caso dos GAL, *Grupos Antiterroristas de Liberación*, inustificable nun estado democrático, non se axusta á ideoloxía ultra. Foi un tipo de antiterrorismo ilícito, parapolicial, que empregou os mesmos métodos terroristas que aqueles (ETA) a quen dicía combater. Asasinaron 27 persoas entre 1983 e 1987.

EXTREMA ESQUERDA

Os principais expoñentes do terrorismo desta tendencia foron os GRAPO, *Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre* (Grupos de Resistencia Antifascista Primeiro de Outubro). Fundados en 1975, permaneceron en activo ata a primeira década do século XXI. Apoiándose na súa ideoloxía maoísta, pretendían instaurar pola forza unha república socialista en España. Son responsables de ao redor de 80 asasinatos.

VIOLENCIA TERRORISTA E CONSECUCIAS SOCIAIS

Juan Avilés afirma que se produciu en España, durante a década dos anos sesenta do pasado século, unha confluencia de terrorismo nacionalista, marxista-leninista e ultradereitista: «ETA empezou a matar en 1968 e seguiu facéndoo ata 2011; o terrorismo independentista catalán matou por primeira vez en 1971 e alcanzou sinistra notoriedade cos asasinatos de José María Bultó en 1977 e de Joaquín Viola e a súa esposa Monserrat Tarragona en 1978, aínda que nunca lograría alcanzar, nin de lonxe, a letalidade de ETA; o FRAP, *Frente Revolucionaria Antifascista y Patriota* (Frente Revolucionaria Antifascista e Patriota), realizou unha campaña de atentados mortais no verán de 1975; os GRAPO, *Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre* (Grupos de Resistencia Antifascista Primeiro de Outubro), iniciaron en 1975 unha actuación terrorista que causaría a súa última vítima mortal en 2006; e as primeiras vítimas da ultradereita morreron en Montejurra en maio de 1976»¹.

Á marxe do terrorismo nacional, nos anos oitenta apareceu no mundo unha violencia de inspiración xihadista que nas décadas seguintes azoutaría numerosos países, entre eles España, provocando máis de duascenas vítimas entre os nosos concidadáns e converténdose, xa no século XXI, nun dos principais problemas de seguridade da comunidade internacional.

De todas as violencias mencionadas, a de ETA constitúe un caso especial pola súa duración, pola súa mortalidade, polo impacto político que provocou en España durante décadas e polo substrato social que permitiu que todo iso ocorrese. No libro *La voluntad del gudari* («A vontade do *gudari*»), o seu autor, Gaizka Fernández Soldevilla, preguntase, preguntanos: «Cando e onde naceu o fanatismo? Cales foron as raíces do odio? Como e por que apareceu ETA? Naceu por xeración espontánea? A que respondía a opción de ETA pola violencia? E que non acontecera o mesmo noutras zonas de España?»². Son todas elas preguntas cruciais.

Cando o membro de ETA Txabi Echebarrieta, o 7 de xuño de 1968, asasinou o garda civil José Antonio Pardines, elixiu matar. Non se viu obrigado, como o imaxinario nacionalista vasco radical construíu sobre ese suceso ocorrido no termo de Aduna (Guipúscoa).

O asasinato de José Antonio Pardines en 1968, no contexto dunha inxustificable ditadura, foi un feito voluntario e

marcou o inicio dunha historia sanguenta para a sociedade vasca e para o conxunto da sociedade española, que se prolongou no tempo ata o ano 2011. Aínda que as vítimas do terrorismo e os seus familiares sufriron, ademais da morte, trastornos psicolóxicos ou retraemento social, non é menos certo que na sociedade que conviviu baixo unha subcultura do terror tamén se produciron feridas profundas que necesitarán de tempo e intervención para sandar totalmente. E, quizais, cunha desexable mirada ao futuro, a condena moral e política das prácticas inhumanas realizadas será unha das condicións necesarias, e esixibles, para recuperar uns mínimos valores cívicos democráticos.

Un crime é un crime. A crueldade que supón negarlle a vida a un ser humano configúrao como tal, mesmo se se realiza nun determinado contexto de falta de liberdades, como era o caso de 1968. A morte do novo garda civil podía ser evitado, pero non só non se fixo, senón que se presentou a Echebarrieta como un heroe do pobo, como un mártir da revolución. E é que, como dixo Hanna Arendt: «o engano, é dicir, a deliberada falsidade e a pura mentira como medios lexítimos para o logro de fins políticos, acompañounos desde o comezo da historia escrita. As mentiras resultan a miúdo moito máis verosímiles, máis atractivas para a razón, que a realidade, porque quen mente ten a gran vantaxe de coñecer de antemán o que a súa audiencia desexa ou agarda escoitar».

Como complemento, e para quen desexe profundar no tema, recoméndase a lectura de Fernández Soldevilla, G. (2016): *La voluntad del Gudari*, Tecnos, Madrid.

¹ Avilés, 2018: 24-25.

² Fernández Soldevilla, 2016: 20.

ACTIVIDADE 1.1

A EXTORSIÓN ECONÓMICA, UNHA FORMA DE VIOLENCIA

Unha das formas de violencia exercida por ETA foi a extorsión económica. Poderíamos falar da petición de grandes sumas de diñeiro a empresarios, tanto do País Vasco e Navarra como do resto de España, pero tamén de pequenas cantidades (a chamada microextorsión) a pequenos comerciantes, profesionais liberais, deportistas, autónomos, hostaleiros e un longo etcétera. A chegada da carta pedindo unha cantidade e ameazando o empresario iniciaba un período de pánico para el e, en caso de comunicalo, para a súa familia e amizades. A gran maioría dos empresarios extorsionados, segundo se desprende de varios estudos realizados, sufrían a coacción e a ameaza en silencio. O secuestro ou asasinato dun home na súa fábrica ou taller tiña un efecto devastador, ante o cal moitos membros do empresariado optaron por pagarlle á organización ETA, aínda sabendo, e sufrindo por iso, que a compra da súa seguridade e a das súas familias podería servir para facerlles chantaxe a outros ou para asasinar. Aínda que o secuestro e o asasinato foron a arma máis eficaz para conseguir ingresos económicos, a banda terrorista utilizou tamén o envío de cartas ameazantes (ás veces con datos exactos de pais, esposas, fillos e familiares), actos de sabotaxe en empresas, explosión de artefactos, pintadas en domicilios e postos de traballo, manifestacións, insultos na rúa ou en espazos privados, carteis colocados nas prazas, etc.

Non só ETA realizou secuestros, tamén outros grupos terroristas como o GRAPO. Tres empresarios secuestrados por ETA (Angel Berazadi, Javier de Ybarra e Francisco Arín) e un do GRAPO (Publio Cordón) foron asasinados polos seus captadores. Os secuestros de maior duración foron os de José María Aldaya, que permaneceu cativo durante 341 días, Emiliano Revilla, retido durante 244 días, e Cosme Delclaux que foi privado de liberdade durante 232 días. Todos eles permaneceron nunhas duras condicións durante o tempo que durou o seu secuestro. Con todo, o cativerio que durou máis tempo foi o do funcionario de prisións José Antonio Ortega Lara que viviu encerrado e en condicións infrahumanas nun buraco subterráneo durante 532 días. Este secuestro, cometido por ETA, non tiña motivación económica, senón que expuña unha chantaxe política ao Estado do mesmo xeito que ocorreu con Miguel Ángel Blanco. Ortega Lara foi rescatado pola Garda Civil o 1 de xullo de 1997. Miguel Ángel Blanco, no entanto, foi asasinado polos terroristas.




Fig. 3. Carta de ETA pedindo 100 millóns de pesetas polo rescate do empresario José Luis Arrasate, xaneiro de 1976. Fotografía: AMB-BUA, Fondo de La Gaceta del Norte.

Co obxectivo de profundar neste tema recoméndase a lectura de Ugarte, J. (coord.) (2018): *La bolsa y la vida. La extorsión y la violencia de ETA contra el mundo empresarial*, La Esfera de los Libros, Madrid; e Sáez de la Fuente, I. et al. (2017): *Misivas del terror. Análisis ético político de la extorsión de ETA contra o mundo empresarial*, Marcial Pons, Madrid.

ACTIVIDADE SUXERIDA

Liches sobre algunha persoa vinculada ao mundo empresarial que sufrise a chantaxe da organización ETA?

Podes buscar información (de forma persoal ou en grupo de traballo cooperativo) sobre un caso que che impactara especialmente para elaborar un sinxelo informe, ben en papel ou ben en formato dixital, que colocaremos ou proxectaremos na aula.

Finalmente, cos datos, achegas e aclaracións xurdidas realizaranse unhas conclusións finais a nivel de clase.

SESIÓN

02



UNHA VEZ QUE DEFINIMOS QUE É O TERRORISMO E COÑECEMOS AS SÚAS DISTINTAS VARIETADES, NESTA SEGUNDA SESIÓN PODEMOS COMEZAR O DESENVOLVEMENTO CRONOLÓXICO DO FENÓMENO TERRORISTA EN ESPAÑA, CENTRÁNDONOS NA ÉPOCA DA DITADURA DE FRANCO. DEBERASE FACER UNHA BREVE INTRODUCCIÓN HISTÓRICA, QUE RESUMIRÁ OS CONTIDOS DA UNIDADE DIDÁCTICA SOBRE O FRANQUISMO, SE É QUE ESTA XA SE IMPARTIU. É NESTE MOMENTO HISTÓRICO NO QUE SE DEBERÁ SITUAR O NACEMENTO DO TERRORISMO COMO FENÓMENO MODERNO, DENTRO DUN CONTEXTO INTERNACIONAL E EUROPEO DE DESCOLONIZACIÓN E DE REIVINDICACIÓN VIOLENTA DE IDEOLOXÍAS EXTREMISTAS. NESE CONTEXTO, ALGÚNS GRUPOS MINORITARIOS RECORRERON AO TERRORISMO FRONTE AO FRANQUISMO, ENTRE ELES ETA. A REPRESIÓN POR PARTE DA DITADURA, COMO OCORREU CO CONSELLO DE GUERRA DE BURGOS (1970), ALENTOU A INCORPORACIÓN DE NOVOS MILITANTES Á ORGANIZACIÓN TERRORISTA.

A DITADURA FRANQUISTA COMO XUSTIFICACIÓN

O franquismo prolongouse entre 1939 e 1975, é dicir, desde a guerra civil ata a morte do ditador Francisco Franco. A situación de falta de liberdades afectaba a todos os españois, especialmente a aqueles que non eran afectos ao réxime. Este caracterizábase polo nacionalismo español sen concesións, o culto ao «Caudillo» (Franco), o réxime de partido único (o Movemento Nacional) e o nacionalcatolicismo, entre outros aspectos.

Tras o final da Segunda Guerra Mundial en 1945, Europa coñeceu un período de prosperidade. As ditaduras de España, Portugal e Grecia supuñan unha excepción no contexto occidental, onde as democracias se asentaran.

Nas décadas de 1960 e 1970, algunhas ideoloxías extremistas volveron defender o uso da violencia en política para alcanzar os seus obxectivos. Ocorreu así tanto en países democráticos como noutros con ditaduras. Entre os primeiros, por exemplo en Italia, xurdiron organizacións terroristas de ultraesquerda como as Brigadas Vermellas e de extrema dereita como Orde Nova, que pretendía reinstaurar unha ditadura fascista. No Reino Unido reapareceu o IRA, Exército Republicano Irlandés, que a finais dos anos sesenta iniciou unha campaña terrorista para expulsar os británicos de Irlanda do Norte. O IRA é a organización terrorista que causou máis vítimas mortais en Europa: máis de 1.700. No seu lado oposto, entre as organizacións terroristas partidarias de que Irlanda do Norte seguise pertencendo ao Reino Unido estaba a UVF, Forza Voluntaria do Ulster, que matou ao redor de 500 persoas desde 1966 ata a década de 1990.

Durante a ditadura franquista xurdiron diferentes organizacións terroristas. A primeira vítima mortal do terrorismo en España foi a nena Begoña Urroz en 1960. Foi alcanzada nunha estación de tren de Donostia por unha bomba que colocara o DRIL, Directorio Revolucionario Ibérico



Fig. 4. Escena do crime tras o asasinato de José Antonio Pardines. No chan aparece envorcada a motocicleta do garda civil de Tráfico. Fotografía: Garda Civil.

de Liberación. Ademais, antes da morte de Franco, naceron o FRAP e os GRAPO, de inspiración ultraesquerdista, e ETA, de ideoloxía nacionalista vasca radical. Tras romper co PNV, ETA foi fundada en 1958. A primeira ETA inspirouse nos movementos anticolonialistas de países como Alxeria ou Vietnam. A súa primeira vítima mortal foi o novo garda civil de tráfico José Antonio Pardines Arcay, en 1968. ETA quixo así iniciar unha espiral de violencia, a chamada acción-reacción, consistente en, primeiro, cometer atentados; segundo, provocar a resposta agresiva da ditadura; e terceiro, xerar unha corrente de simpatía cara á súa causa entre a poboación vasca e navarra. En decembro de 1973, ETA asasinou o presidente do Goberno franquista, o almirante Luís Carrero Blanco. Poucos previron entón que o terrorismo continuaría tras a ditadura, con maior intensidade que durante a mesma.

Contra o que se ten sostido algunhas veces, a aparición do terrorismo non foi unha consecuencia inevitable da existencia dunha ditadura en España. Xa vimos que aquel xurdiu nesas mesmas datas tamén en países democráticos da nosa contorna. Ademais, a gran maioría dos partidos e sindicatos da oposición antifranquista non recorreron ao asasinato contra a ditadura, senón a ferramentas pacíficas como as folgas, a propaganda ou as manifestacións. O terrorismo foi o instrumento sanguento dunha minoría que provocou consecuencias irreversibles. No caso de ETA, matou a 43 persoas entre 1968 e 1975. Foi xa tras a morte de Franco cando ETA causou o 95% dos seus crimes mortais.

Polo tanto, resulta falso, sen ningún tipo de dúbida, o empeño de ETA por lexitimar a súa violenta historia na súa loita contra a ditadura. Ao contrario, esa opción polos métodos violentos fixo que os terroristas se parecesen ao réxime que dicían

enfrentar, converténdose así en servidores do pensamento totalitario e fanático. Como escribe Florencio Domínguez, o uso do terrorismo non é a última opción para aquel que non ten ningún outro recurso para defender as súas ideas políticas, por moito que fose durante a ditadura franquista cando ETA iniciara o camiño da violencia. De ser así, todos os grupos democráticos de oposición ao franquismo terían tomado as armas e non o foi así. O terrorismo deshumaniza, provoca vítimas, dor, medo, fractura social e por iso precisamente todas as vítimas do terrorismo son inocentes no sentido que se exerceu sobre elas unha violencia ilexítima: non mereceron o dano que lles causaron.

Nos últimos anos do franquismo e nos iniciais da democracia toda España era un fervedoiro de reivindicacións políticas e sociais. O País Vasco non só non era unha excepción, senón que coa existencia de ETA o clima era de convulsión extrema. A represión da ditadura, incluíndo os cinco últimos fusilamentos en setembro de 1975, serviron en bandexa a ETA unha imaxe de loitadores do pobo vasco, imaxe que penetrou profundamente no tecido social da época. Como relata Juan Avilés: «a finais dos anos sesenta e comezos dos setenta, un significativo número de persoas, na súa maioría novas, que vivían en lugares tan distantes como Euskadi, Irlanda do Norte, Italia, Alemaña, A Arxentina, o Uruguai, Estados Unidos, o Xapón ou Palestina, chegaron á conclusión de que, para impulsar a revolución social ou para combatela, para promover os seus obxectivos nacionais, ou para evitar que outros os lograsen, a vía máis eficaz era a violencia»³.

³ Avilés, 2018: 21.

ACTIVIDADE 2.1

UN POLICÍA MUNICIPAL.
UN PAI DE CATRO FILLOS

Era o día 29 de agosto do ano 1972. Ese día, a banda terrorista ETA asasinou en Galdakao o policía municipal Eloy García Cambra. Como se conta no libro *Vidas rotas*, a noite anterior, o luns 28 de agosto, Eloy localizara un coche Seat 600 que lle induciu sospeitas. O día seguinte pola mañá, observou que un individuo se achegaba ao coche, polo que o abordou preguntándolle se era da súa propiedade. Eloy descoñecía que o citado individuo fose membro de ETA, así que o deixou marchar nun taxi, non sen dar conta do feito ao seu compañeiro. Interveu entón unha parella da Garda Civil e seguiron o taxi no que fuxira o sospeitoso. Desta forma o vehículo foi interceptado e cos sospeitosos dirixíronse ao cuartel de Galdakao. Tras baixar do Land Rover, un dos sospeitosos deu un empuxón ao seu captador e disparou contra Eloy, que foi alcanzado por dous disparos na caluga e nas costas. A pesar de que se iniciou un intenso tiroteo, no que resultou ferido un garda civil, os agresores conseguiron escapar. No lugar dos feitos os terroristas deixaron abandonada unha carteira que serviu para identificar a un deles e posteriormente a todo o comando.

Eloy García Cambra tiña 44 anos e era natural do pobo navarro de San Martín de Unx. Vivía nun barrio de Galdakao e era un home moi popular e apreciado pola súa veciñanza. Estaba casado e tiña catro fillos.

Recoméndase a lectura de Alonso, R., Domínguez, F. e García Rey, M. (2010): *Vidas rotas*, Espasa, Madrid. Disponible en PDF: http://fundacionvt.org/wp-content/uploads/pdfs/Vidas_Rotas.pdf

ACTIVIDADE SUXERIDA

Tras ler individualmente este relato, colocados en grupos de traballo de non máis de cinco alumnos/as e sempre acordando a resposta tras un intercambio de opinións, responderanse as seguintes preguntas:



Fig. 5. Primeira páxina de *La Gaceta del Norte* do 30 de agosto de 1972, coa noticia do asasinato de Eloy García Cambra. Fonte: Hemeroteca Foral de Biscaia.

Os sectores ideolóxicos afíns a ETA xustifican esta violencia polo contexto non democrático da época. Credes que o asasinato deste policía municipal pode xustificarse por realizarse en plena ditadura? Argumentade vosa resposta.

Coñecedes o concepto de resiliencia? Unha persoa resiliente é aquela que toma conciencia da emoción, se permite sentir o aluvión de emocións que se desencadean ante situacións tan duras como a exposta e é consciente, mesmo da expresión que ditas emocións poñen de manifesto no seu corpo, para desde esa posición refacer a súa vida.

Credes que vos sería fácil refacer a vosa vida, tanto familiar como social, despois dun feito así? Cal sería o voso principal apoio? E a vosa maior dificultade?

ACTIVIDADE 2.2

MASACRE NA CAFETARÍA

Ata o massacre de Hipercor (1987), o atentado da organización terrorista ETA con maior número de vítimas mortais fora o perpetrado na cafetería Rolando de Madrid. Unha potente bomba esnaquizou este establecemento hostaleiro da madrileña rúa Correo, situada a poucos metros da Porta do Sol. Os membros de ETA seleccionaron este local porque habitualmente acudían moitos policías pola súa proximidade coa Dirección Xeral de Seguridade. Como se recolle no libro *Vidas rotas*, «o 13 de setembro de 1974 [cando a ditadura afrontaba os seus últimos anos de existencia; Franco morrería en novembro de 1975], membros de ETA colocaron unha bomba nos aseos da cafetería, ocasionando un massacre sen precedentes na que morreron trece persoas e resultaron feridas outras sesenta, once deles axentes de Policía (...). Os especialistas da Policía calcularon que no atentado se utilizaron uns trinta quilos de dinamita e porcas duns dous centímetros de diámetro que actuaron como metralla»⁴.

Antonio Alonso Palacín era natural de Alhama de Aragón. Seis días antes casara con María Jesús Arcos, de vinte e oito anos. O seu matrimonio viuse truncado de forma trágica esa tarde na cafetería Rolando. Similar fin tiveron Baldomero Barral e a súa esposa, María Josefina Pérez, de vinte e catro e vinte e un anos respectivamente, naturais da Coruña e de visita en Madrid. Aconteceu o mesmo á profesora Francisca Baeza, filla única, que era a coidadora dos seus anciáns pais; ao policía Félix Ayuso; ao camareiro, e pai de tres fillos, Gerardo García, e ao seu compañeiro Manuel Chairas; ao cociñeiro Francisco Gómez; ao ferroviario, da localidade sevillana de Villanueva do Río, Antonio Lobo; ao comercial Luis Martínez, á administrativa, próxima á xubilación, Concepción Pérez Paino, e á nova estudante María Ángeles Rey. Todos, eles e elas, eran persoas con familia, amizades, cunha vida chea de ilusións e proxectos que se viron cernados por aquela bomba. Nada pode xustificar tamaña crueldade.

María Ángeles Rey Martínez, asasinada nese atentado, de vinte anos e natural de Burgos, trasladouse a Madrid por uns exames. O seu pai, Francisco Rey, ofreceu este relato:

«...a miña filla separouse do resto, supoño que uns metros para coller mesa. E nese momento foi cando estalou a bomba. Moitas veces veume á mente que, por apenas uns metros, miña filla non se salvou... Aquel Nadal foi moi triste,

moi triste. Vías xente contenta, na rúa, facendo compras, chea de alegría, e ti coa túa tristeza e coa túa pena. Era moi triste para toda a familia. O meu fillo pequeno, de sete anos, cando morreu súa irmá, parece que se deu menos conta, pero as outras fillas, de 16 e 14 anos, si que o sentiron moito. María Ángeles era a súa irmá maior e estaban moi unidas a ela. Custoulles moito superalo»⁵.

ACTIVIDADE SUXERIDA

Despois de ler individualmente este relato, colocados en grupos de traballo de non máis de cinco alumnos/as e sempre acordando a resposta tras un intercambio de opinións (é necesario que todos os integrantes do grupo se expresen), responderanse as seguintes preguntas:

Imaxina por un momento que es un familiar de calquera das vítimas da cafetería Rolando. Soa o teléfono e recibes a terrible noticia. O teu familiar morreu como consecuencia da explosión. Como te sentirías? Como o sentirían teus familiares e amizades? Que sentimentos ou emocións serían os máis destacables nese duro momento?

Busca máis información sobre este atentado e sobre as súas vítimas, e relaciónao co que sabes sobre a ditadura franquista. Despois, debatede en grupo sobre unha cuestión clave: o fin xustifica os medios?

⁴ Alonso, Domínguez e García Rey, 2010: 40-42.

⁵ Arteta y Galletero, 2006.



Fig. 6. Estado no que quedou o interior da cafetería Rolando tras a explosión dunha bomba de ETA. Madrid, setembro de 1974. Fotografía: AMB, Fondo de La Gaceta del Norte.

SESIÓN

03





Funeral polos avogados asasinados por terroristas de ultradereita en xaneiro de 1977 en Madrid. Fotografía: Agencia EFE

ESTA TERCEIRA SESIÓN COMEZA CUN REPASO HISTÓRICO DA TRANSICIÓN ESPAÑOLA, É DICIR, DO PERÍODO QUE ABARCA DESDE A MORTE DO DITADOR FRANCISCO FRANCO ATA O ASENTAMENTO DEMOCRÁTICO. TEMOS QUE RECOÑECER QUE NON EXISTE UN CONSENSO EN RELACIÓN Á DELIMITACIÓN DESTE PERÍODO. AÍNDA QUE PARA UNS ABARCA DESDE 1975 ATA AS PRIMEIRAS ELECCIÓN XERAIS DEMOCRÁTICAS, AS DE XUÑO DE 1977, NAS QUE ADOLFO SUÁREZ FOI ELIXIDO PRESIDENTE; PARA OUTROS A DATA ELIXIDA É 1978, COA APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA; PARA CERTOS SECTORES ESTE PERÍODO PROLONGOUSE ATA QUE O INTENTO DE GOLPE DE ESTADO DE 1981 FOI SUFOCADO OU, MESMO, ATA A VITORIA SOCIALISTA DE 1982.

NESTA SESIÓN INCLÚENSE DÚAS ACTIVIDADES E É NECESARIO COMENTAR QUE A UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN PODE RESULTAR DE GRANDE UTILIDADE PARA A REALIZACIÓN DAS MESMAS.

A TRANSICIÓN

A morte de Franco en novembro de 1975 abriu en España un período de incerteza e de esperanza. A ditadura durara 40 anos, durante os cales Franco exerceu o poder de forma autoritaria. Os seus fieis querían que o réxime fundado por el continuase despois do seu falecemento e conformaron o que se denominou «o Búnker». Con todo, a maioría da poboación quería un cambio para que España deixase de ser unha excepción ditatorial no marco europeo. A democracia desexada por esa maioría social implicaba, entre outras cousas, que o Estado posuía o monopolio do uso da violencia e que o exercería respectando as leis, como lle corresponde a un Estado de dereito.

A partir de 1976 iniciouse un proceso de dismantelamento das institucións do réxime franquista e de paulatina construción das liberdades. Grazas a sucesivos indultos e amnistías, a finais de 1977 saíran do cárcere todos os presos políticos e tamén os pertencentes a organizacións terroristas como ETA ou os GRAPO, incluíndo os acusados de asasinatos. Así mesmo, os crimes cometidos en nome do réxime franquista quedaron amnistiados. Queríase así superar un pasado de violencia en favor de principios moi presentes nese momento, como a reconciliación e o consenso. A sociedade española, incluíndo tamén á maioría da vasca, pensou que se abría un futuro de paz ante ela. Porén, quen apostara polo terrorismo non só se negou a deixar de matar, senón que aumentou de forma exponencial a súa maquinaria de dor.



Fig. 7. Primeira páxina do xornal *La Voz de Galicia* do 29 de agosto de 1978, onde se informa de varios asasinatos terroristas perpetrados en distintos puntos de España polos GRAPO e por ETA. Fonte: *La Voz de Galicia*.

A Constitución española, base do novo sistema de dereitos e liberdades, foi elaborada cun amplo consenso e aprobada en referendo pola cidadanía en decembro de 1978. Nos seguintes anos foi desenvolvéndose o Estado das autonomías, grazas á aprobación dos estatutos de autonomía das diferentes nacionalidades e rexións. A descentralización viña substituír a anterior uniformidade política e cultural do franquismo. Os sectores ideolóxicos nostáxicos da ditadura opoñíanse a este marco descentralizado, pero, a pesar das súas presións, o primeiro goberno democrático seguiu adiante coas reformas. Pola súa banda, aínda que o País Vasco conseguiu un nivel de autogoberno sen parangón no marco europeo, non foi suficiente para o nacionalismo radical, que rexeitou a Constitución e o Estatuto de Autonomía e seguiu coa súa práctica violenta.

A transición non resultou tan pacífica como se esperaba. Unha minoría quixo desestabilizar este proceso de construción da democracia para impoñer ao resto as súas ideas mediante a forza. Por unha banda, nostáxicos do franquismo tentaron volver á ditadura e atacaron os dereitos que se ían conquistando, como a liberdade de expresión. Por exemplo, en

1977 a Alianza Apostólica Anticomunista enviou un paquete bomba á redacción da revista satírica *El Pápus*, asasinando o conserxe Joan Peñalver. O maior masacre cometido pola extrema dereita foi a de Atocha, en xaneiro de 1977. Tres pistoleiros irromperon nun despacho de avogados laboristas vinculados ao Partido Comunista e ás Comisións Obreiras, acabando coa vida de cinco deles e ferindo gravemente a outros catro.

No extremo ideolóxico oposto, aínda que recorrendo aos mesmos métodos, os GRAPO pretenderon facer a súa particular revolución mediante as armas e asasinaron numerosos policías, gardas civís, empresarios... En 1979, o seu ano máis letal, os GRAPO mataron 31 persoas. En certos momentos da transición a presión terrorista foi moi intensa. Cando se produciu o masacre de Atocha, os GRAPO mantiñan secuestradas dúas importantes figuras públicas: o político tradicionalista Antonio María de Oriol e o tenente xeral Emilio Villaescusa.

Agora ben, sen minimizar a dor causada por outras organizacións, a principal ameaza terrorista contra a nacente democracia foi ETA, a banda máis mortífera, que contou cun respaldo social e político centrado ao redor da coalición electoral HB, *Herri Batasuna* (Unidade Popular). Este apoio foi definitivo e pódese afirmar que a contorna que xustificaba e protexía a ETA foi clave para a súa supervivencia.

Segundo datos recolleitos polo historiador Raúl López Romo no *Informe Foronda*, ETA e outras organizacións afíns, como os Comandos Autónomos Anticapitalistas, mataron 11 persoas en 1977, 66 en 1978, 80 en 1979 e 96 en 1980, o ano con máis asasinatos terroristas en España durante a transición⁶. Se interpretamos estes datos vemos como ao mesmo tempo que se ían logrando os principais fitos da democratización (a Constitución, os estatutos de autonomía...), os terroristas redobraban os seus esforzos para desestabilizar o proceso, incrementando o número das súas vítimas.

Neses anos había determinadas minorías extremistas que non vían os seus rivais políticos como persoas con dereitos, senón como inimigos que había que eliminar para alcanzar os seus obxectivos particulares. O 23 de febreiro de 1981, sectores reaccionarios do Exército deron un golpe de Estado. Un dos seus principais pretextos foi, precisamente, este: os continuos atentados de ETA contra militares, policías, etc. Finalmente, a democracia impúxose, pero a transición, aínda que foi unha etapa de ilusións, con evidentes acertos, non foi unha etapa pacífica, senón que estivo sacudida e atravesada por fortes violencias. Neste «humus fértil» os sectores afíns a ETA comezaron a apropiarse do espazo simbólico e público do País Vasco, arroxando fóra del a todos os demais.

⁶López Romo, 2015: 40-41.



Fig. 8. Cortexo fúnebre do comandante da Policía Armada Joaquin Imaz, asasinado por ETA. Pamplona, novembro de 1977. Fotografía: Jorge Nagore.

ACTIVIDADE 3.1

EU QUERÍA O TRASLADO. ALÍ ÍANME MATAR

Aconteceu un 8 de outubro de 1979. O policía nacional Francisco Ponce xantaba con sete compañeiros no Bar Gurea, do donostiarra barrio de Loyola, cando tres membros da organización terrorista ETA os metrallaron. Como consecuencia dos disparos, varios policías quedaron feridos de gravidade e tamén resultaron feridos tres civís que se atopaban no mesmo establecemento. Francisco ofrécenos o seu testemuño:

«A miña vida era unha vida normal, sinxela. Sempre fun unha persoa moi alegre, gustábame xogar o fútbol cos meus compañeiros e tiña centos de amigos. Levábame ben con todo o mundo.

A min tocoume como destino o País Vasco. Supoño que foi un presentimento, pero desde ese momento empecei a estar nervioso, inquedo, tiña unha sensación estraña. Confeseime cun compañeiro: Luís, desde este momento teño medo. Cando nos informaron de que íamos ser trasladados a Madrid, eu só pensaba: só agardo que despois de tanto tempo, nestes tres días non nos pase nada.

Como borrar aquel recordo! O día do atentado era luns. Foramos a Eibar levar uns compañeiros... De volta no cuartel de Loyola, en Donostia, fomos comer a un restaurante próximo para estar dispoñibles e non nos atrasar moito. Lembras ata os detalles máis insignificantes: un prato. Cando entraron os terroristas e nos metrallaron, cada un fixo o que puido nese momento. Lembro estar no chan e, movido por un acto reflexo busquei a pistola, pero non a atopei. Eu só pensaba que se nos vían no chan nos ían rematar, e xusto nese momento, movín a mesa e ao meu carón caeu, preto do meu oído, un prato da mesa. Deixoume frío. Nese momento queimábame o corpo, sentía como a bala ía atravesando o meu corpo, ardíame todo. Pero, o peor de todo foi a imaxe de Mariano, do meu compañeiro, que estaba moi preto de min, sangrando sen parar. Vía que se lle ían pechando os ollos aos poucos e apenas quedaba alento para repetirme: "Paco, matáronnos".

No hospital, tras ver os orificios das balas consideraron que non era moi grave, deixáronme espido nunha padiola no corredor. Cando entrou o meu superior pediu que me

trasladasen a unha habitación. Aos poucos días, recibín a visita do ministro e díxome que pedise o que desexase. Eu só lle pedín o traslado a Madrid, para que se fixesen cargo do meu proceso de curación, porque estaba seguro de que alí me ían matar. Ao día seguinte trasladáronme a Madrid, unha vez alí tivéronme que operar de urxencia porque estaba a morrer.

A miña vida cambiou totalmente. Perdes as ganas, a motivación, a alegría. Sentes medo. Non podía poñerme a estudar, non quería ascender... Podíame o medo de que me mandasen de novo ao País Vasco traballar... Vendo a cantidade de compañeiros que morreron en atentados terroristas, considérome un privilexiado, porque estou vivo e estou aquí».⁷

⁷ Moreno Pérez e Folguera Heredia, 2015.

ACTIVIDADE SUXERIDA

Despois de ler o testemuño achegado por Francisco Ponce, imos pedir un traballo en grupo no que o desenvolvemento da competencia tecnolóxica e dixital vai resultar determinante.

Seguro que che impresionou o atentado que sufriron Francisco e os seus compañeiros. Tamén, é o máis probable, reparaches no medo visceral que se apoderou deste policía, tanto despois do atentado como nos anos posteriores. Busca en Internet datos do atentado, contexto histórico, autores materiais, xuízo, penas impostas, etc.

A historia de vida de Francisco Ponce é a de moitos outros servidores das Forzas Armadas ou das Forzas de Seguridade do Estado que se viron colocados no punto de mira do terrorismo. Utilizando de novo das novas tecnoloxías, observa puntos que coinciden nos diferentes casos?

Presentación, por grupos, dos traballos realizados.

Con obxecto de documentar a produción final que os distintos grupos presentarán na clase, recoméndase entrar nas páxinas web de varias asociacións ou fundacións de vítimas do terrorismo, en concreto nos centros documentais que poderedes ver na sección «Para saber máis», ao final desta unidade didáctica.

Fig. 9. Francisco Ponce.



ACTIVIDADE 3.2

DISPAROS NO CANÓDROMO

Os GRAPO constituíronse como organización terrorista nos últimos anos da ditadura e despois da amnistía de 1977 seguiron atentando, contribuíndo desta forma a que a transición española, lonxe de ser un período pacífico, se vira convulsionada por distintos tipos de grave violencia. María Pilar contaba tan só con 15 anos cando membros da organización terrorista GRAPO lle dispararon ao seu pai, o garda civil Casimiro Sánchez García. O axente do Instituto Armado levaba un ano destinado en Madrid xunto coa súa muller e cos seus catro fillos. No libro *La voz de las víctimas* («A voz das vítimas»), a súa filla María Pilar ofrécenos un emotivo testemuño:

«Meu pai conseguiu vir a Madrid. Estabamos tan contentos porque estabamos en Madrid. El estaba satisfeito porque quería conseguir algo máis para os seus fillos e algo xa o conseguira. Ese día, era sábado, el e eu fómonos de compras, a miña irmá tiña 11 anos e papá quería comprarlle uns agasallos. Despois foise ao servizo e miña nai, meu tío e eu fomos cara ao cuartel e sobre as dez e media da noite notamos moito balbordo. Miña nai púxose nerviosa e xa nos dixeron que sufriran un atentado e leváronnos ao Gómez Ulla. Nada máis chegar dixéronnos que meu pai morrera.

Recordo que fun moi forte. Pedíronnos que levásemos un uniforme. Eu mesma busquei a roupa do meu pai para vestilo. A túa vida cambia. Cambia todo, todo. El non estaba presente. Xa non lle podías regalar o "Varón Dandy" que lle dabamos polos seus aniversarios. Xa non sabiamos se podíamos vivir no cuartel, agora xa non sabiamos nada. Non sabía se iríamos vivir a outro sitio, non sabiamos se íamos poder comer, se miña nai tería que traballar, non sabía se podería seguir estudando. As compañeiras e profesores arroupábante un pouco. A xente mirábate raro. Teu pai era un militar, levaba un uniforme e morreu. Era unha época, non sei... moi revolucionaria. Algúns pensaban que se lle pasaba era polo seu oficio ou porque o merecía.

A súa perda foi moi forte. É que tiras para adiante porque hai que seguir loitando, pero foi horrible, horrible, horrible. Eu creo que para unha enfermidade estamos todos preparados, pero para isto... que o deixes e á media hora che digan que cho quitaron porque se lle entoxou a unhas persoas. Non puidemos despedirnos del. Non nos deu tempo. Quitáronnolo e quitáronnolo. Cando xa o vimos, vímolos na caixa».

Este testemuño pode ser visto aquí:

<https://www.youtube.com/watch?v=mulkCKb-d9E>

ACTIVIDADE SUXERIDA

Tras a lectura do testemuño de María Pilar (ou ben do ver o vídeo), que pode realizarse de forma colectiva, aborda o traballo que che detallamos a continuación servíndote da información dispoñible na Rede.

Investiga este período histórico e despois elabora unha lista de persoas asasinadas polos GRAPO. Cantas persoas perderon a vida a mans desta banda?

Como reaccionou a sociedade española?

As familias desas persoas asasinadas, como é o caso de María Pilar, nunca buscaron vinganza. Seguramente che resultou especialmente destacable algunha das frases que liches ou escoitaches, lembrando aqueles duros momentos do asasinato do seu pai. Poderías escribir algunha?

Coas frases recompiladas poderíase preparar unha lectura dramatizada, co dobre obxectivo de sensibilizar o resto do alumnado sobre a inxustiza que supón atacar un sinxelo servidor do estado, por unha banda, e por outro, recoñecer o espírito xeneroso, exento de odio ou vinganza, que demostraron as vítimas do terrorismo.



Fig. 10. A viúva e os fillos de Casimiro Sánchez durante o funeral polo garda civil asasinado polos GRAPO. Madrid, agosto de 1975. Fotografía: Agencia EFE.

ACTIVIDADE 3.3

O LEITEIRO DE ALONSOTEGI

Liborio Arana, xunto coa súa muller e fillos, posuían unha gandería e distribuían leite polo municipio biscaíño de Alonsotegi, naquel momento integrado no de Barakaldo. Era unha familia humilde e moi apreciada no pobo, eran os «leiteiros de Alonsotegi». O 20 de xaneiro de 1980 unha banda de extrema dereita denominada *Grupos Armados Españoles* (GAE) (Grupos Armados Españóis) colocou unha potente bomba no Bar Aldana, un local moi querido do mencionado municipio. A explosión matou catro persoas e feriu dez. Un dos asasinados foi Liborio Arana. O fillo menor, Iñaki ofrece o seu arrepiante testemuño:

«A noite do atentado era sábado. Serían as dez e media ou as once. O pai estivera dándolle de comer ás vacas e fora ao bar. Estivemos a falar un pouquiño. Quíxeno levar a casa, pero díxome: "Mira, logo voulle dar alfalfa e auga ás vacas, acábolles de dar penso agora... Vaite tranquilo". Eu, como tiña o crío pequeno, pois funme para casa e... Estabamos alí tan tranquilos cando oín a explosión: Bum! Que pasou? Collín roupa, saín abaixo e a xente xa ía correndo. Que voaron o Bar Aldana! Hostia, e eu deixara alí o meu pai. Saín co meu irmán Javi e vimos como estaba todo. Empecei a preguntar se viran o meu pai. Os veciños dábanse a volta, non mo querían dicir, dáballes apuro.

Baixei ao [hospital de] San Eloy, onde fixeran os ingresos, mesmo entrei nun quirófano. Nada. Subín outra vez ao pobo, e entón veu o noso médico de familia e díxome: "teu pai está morto". Logo fun a casa dar a noticia. Naqueles tempos non tiñamos teléfono, non nos podíamos permitir ese luxo.

Á mañá seguinte, algúns familiares baixaron axudar, porque había que muxir, e os demais foron recoller os anacos de aita (papá en éuscaro) que había tirados por alí. Acórdome de familiares discutindo por un anaco de fígado, un brazo, máis aló apareceu unha perna nunha horta... Moi duro. O atentado desa noite foi terrible... Foi moi duro tamén logo. De feito, non falabamos diso. Eu ao meu fillo non lle contei nada do atentado ata hai pouco. Fíxenme *ertzaina* (membro da policía vasca) para tentar esclarecelo. A policía actuou moi mal, sobre todo na investigación e no trato... José Amedo, logo condenado polos GAL, foi o xefe da investigación.

Nun primeiro momento a esquerda abertzale apoiou o tema. Ían levar un ramo de flores o día do aniversario. Pero logo, cando ama (mamá en éuscaro) viña de repartir

